

**ANUNCIO DE MODIFICACIÓN DA DATA DAS ENTREVISTAS PARA A COBERTURA DUNHA BOLSA DE FORMACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN MATERIA DE POLÍTICAS E PROGRAMAS EUROPEOS NO ÁMBITO DA INNOVACIÓN E DA INVESTIGACIÓN CONVOCADA POLA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA (2022)**

Con data do 31 de maio de 2022 a comisión de valoración para a cobertura dunha bolsa de formación para a realización de prácticas en materia de políticas e programas europeos no ámbito da innovación e da investigación, convocadas pola FGE por resolución do 10 de marzo de 2022 (DOG núm. 54, do 18 de marzo de 2022), acordou establecer a relación de persoas que pasan á fase da entrevista (segunda fase de valoración) con indicación do día e hora na que se desenvolvería a entrevista.

Con esa mesma data, publicouse un anuncio na páxina web da FGE para dar publicidade ao acordo indicado anteriormente.

Debido a un imponderable de saúde que afecta a varias persoas que conforman a comisión de valoración, cómpre modificar o calendario inicialmente fixado para as entrevistas.

Por medio do presente anuncio, dáse publicidade ao novo calendario de entrevistas.

As persoas citadas deberán presentarse co seu DNI ou calquera outro documento que permita acreditar a súa identidade e poderán optar, para a realización da entrevista, por unha das oficinas da Fundación Galicia Europa:

- En Santiago: Rúa do Hórreo, 61
- En Bruxelas: Rue de la Loi/Wetstraat 38-2º, bte. 2

Por motivos organizativos prégase que as persoas citadas comuniquen con antelación a oficina elixida para a realización da entrevista.

So naqueles casos de forza maior debidamente acreditados cabe a posibilidade, previa comunicación das anteriores circunstancias no enderezo electrónico [fundacion.galicia.europa@xunta.gal](mailto:fundacion.galicia.europa@xunta.gal), de que se realice a entrevista por medios telemáticos.

Por parte da organización, logo da comprobación da comunicación anterior, remitirá a ligazón correspondente a tales efectos.

Bruxelas, 7 de xuño de 2022  
A presidenta da comisión de valoración  
Ana Ramos Barbosa

## Anexo I: Relación de persoas que pasan á fase de entrevista

| Apelidos e nome              | DNI       | Día                        | Hora  |
|------------------------------|-----------|----------------------------|-------|
| BOULLOSA MARTÍNEZ, LUIS JOSÉ | ****7343X | Venres, 17 de xuño de 2022 | 13:00 |
| LÓPEZ SUÁREZ, LAURA          | ****5412D | Venres, 17 de xuño de 2022 | 13:20 |